



PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

CEIP MESTRE VIDE



1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. MARCO TEÓRICO-CONCEPTUAL. PRINCIPIOS PSICOPEDAGÓXICOS.....	4
3. OBXECTIVOS XERAIS.....	4
4. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.....	5
4.1.EN RELACIÓN AO ALUMNADO.	
4.2.EN RELACIÓN AO PROFESORADO.	
4.3.EN RELACIÓN ÁS FAMILIAS.	
5. ACTUACIÓNS:	7
5.1.EN RELACIÓN AO ALUMNADO.	
5.2.EN RELACIÓN AO PROFESORADO.	
5.3.EN RELACIÓN ÁS FAMILIAS.	
6. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN. TEMPORALIZACIÓN.....	10
7. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.....	14
8. MARCO LEGAL DE REFERENCIA DA ACCIÓN TITORIAL.....	17



1. INTRODUCCIÓN

Este Plan de Acción Titorial enmárcase no Proxecto Educativo, segundo establece o artigo 121 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro para a mellora da calidade educativa.

A acción titorial enténdese como un proceso de axuda e orientación por parte do profesor, para contribuír ao desenvolvemento integral do alumno e que abrangue o conxunto de accións encamiñadas ao coñecemento dos alumnos, as axudas precisas para superar as dificultades no ámbito persoal, familiar e escolar, e a proposta de alternativas que faciliten ao alumno a toma de decisións e o seu desenvolvemento como persoa.

Segundo a Orde 22 de xullo de 1997, que regula determinados aspectos da organización e funcionamento das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria:

1-Cada grupo de alumnos terá un titor que será designado polo director por proposta do Xefe de Estudos de acordo co establecido no artigo 80 do Regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria. O mestre titor, ademais de tarefas específicas como docente, responsabilizarase da acción titorial do seu grupo.

2-Nos centros nos que o número de mestres sexa igual có de unidades, cada mestre desempeñará a titoría dun grupo de alumnos. Nos centros nos que o número de mestres sexa superior có de unidades, a titoría de cada grupo de alumnos recaerá preferentemente no mestre que teña maior horario semanal co dito grupo.

3-A asignación de titorías aos especialistas farase sempre aos que teñen máis horas dispoñibles, procurando – ao mesmo tempo- que imparta o máximo de horas de docencia no grupo do que vai ser titor.

4-Co fin de facilitar a relación do profesor titor cos pais, fixarase na programación xeral anual unha hora para a atención aos pais. Programaranse, igualmente, reunións globais cos pais por titorías ou niveis, encamiñadas a expoñer as liñas xerais do plan de traballo.



2. MARCO TEÓRICO-CONCEPTUAL. PRINCIPIOS PSICOPEDAGÓXICOS.

A acción titorial considérase intrinsecamente vinculada á docente como conxunto de accións articuladas en torno a esta e que pretenden contribuír á consecución dos grandes fins da educación e por elo aos obxectivos de cada etapa. O noso plan guíase polos seguintes principios:

Personalización: edúcase á persoa como tal, para o desenvolvemento da personalidade de cada un. Individualización: Edúcase a persoas concretas, con características individuais, que se deben respectar, aproveitar e enriquecer, non a abstraccións ou a colectivos.

Integración: Edúcase á persoa completa, integrando os diferentes ámbitos de desenvolvemento e as liñas educativas; en contraposición á división educativa ou dos coñecementos.

Diversificación: Edúcase axustando a ensinanza ás necesidades educativas dos alumnos mediante as oportunas adaptacións curriculares, metodolóxicas e de acceso, adecuando a escola ao alumno, ás súas características, coas súas aptitudes, intereses e motivacións diferenciais.

Titoría, orientación e intervención psicopedagóxica integran o currículo, como oferta educativa dirixida a todos os aspectos da aprendizaxe e á maduración da personalidade do alumnado.

3. OBXECTIVOS XERAIS

Facendo unha recompilación das necesidades educativas detectadas, e partindo das que foron detectadas polos titores/as, márcanse como obxectivos xerais os seguintes:

- Impulsar o desenvolvemento psicosocial do alumnado.
- Favorecer a adaptación escolar.
- Optimizar os procesos de ensino-aprendizaxe.



- Coordinar as actuacións educativas dos equipos docentes.
- Orientar as familias no seu labor educativo.
- Desenvolver hábitos básicos de estudo.
- Manter a vinculación da escola coa familia.

4. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

4.1. EN RELACIÓN AO ALUMNADO.

- 4.1.1. Facilitar o proceso de adaptación do alumnado cando se presenten cambios na situación escolar, como os tránsitos entre etapas educativas.
- 4.1.2. Facilitar a integración do alumnado no seu grupo clase e no conxunto da dinámica escolar.
- 4.1.3. Coñecer as características persoais e os aspectos da situación familiar do alumnado necesarios para a individualización e personalización dos procesos de ensino e aprendizaxe.
- 4.1.4. Crear e desenvolver hábitos básicos de: limpeza, orde, convivencia, participación, responsabilidade e autonomía.
- 4.1.5. Favorecer o desenvolvemento da óptima identidade persoal, así como o autoconcepto e a autoestima.
- 4.1.6. Realizar un seguimento dos procesos de aprendizaxe do alumnado, para detectar as dificultades e necesidades coa finalidade de elaborar respostas educativas adecuadas e recadar se fora necesario, os oportunos asesoramentos e apoios.
- 4.1.7. Coordinar o proceso de avaliación do seu alumnado, así como a asesorar e orientar sobre a súa promoción dun nivel a outro.



4.1.8. Fomentar no grupo de alumnos/as o desenvolvemento de actitudes participativas e colaborativas no centro e no seu contorno social- cultural.

4.1.9. Realizar unha avaliación sistemática no proceso de ensino-aprendizaxe, co fin de axustar as programacións ás necesidades educativas do grupo.

4.2. EN RELACIÓN AO PROFESORADO.

4.2.1. Coordinar a información que teñan os diferentes profesores que inciden no grupo, acerca do alumnado especialmente para aqueles con necesidades específicas de apoio educativo.

4.2.2. Asesorar no proceso de avaliación e recoller a información dos alumnos e alumnas.

4.2.3. Posibilitar liñas comúns de actuacións cos titores/as, no marco do Proxecto Educativo e da Concreción Curricular.

4.3. EN RELACIÓN ÁS FAMILIAS.

4.3.1. Potenciar unha relación fluída entra as familias e o centro.

4.3.2. Informar e asesorar as familias acerca da marcha dos seus fillos e fillas.

4.3.3. Implicar ás familias en actividades de apoio no proceso de aprendizaxe.
Informar, asesorar, e orientar aos pais e as nais en todos aqueles aspectos que afecten á educación dos seus fillos e fillas.

4.3.4. Potenciar a colaboración das familias nas actividades complementarias do centro, e a súa participación en actividades organizadas pola comunidade educativa.



5. ACTUACIÓNS

5.1. EN RELACIÓN AO ALUMNADO

- 5.1.1. Actividades de acollida para alumnado de Educación Infantil e para os de nova incorporación. Familiarizalos co centro.
- 5.1.2. Integración do alumnado de novo ingreso ou dos que permanecen un ano máis no mesmo nivel por non promocionar.
- 5.1.3. Reunións globais coas familias no mes de setembro ou outubro.
- 5.1.4. Promover e coordinar actividades que fomenten a convivencia, a integración e a participación responsable do alumnado na vida do centro: dar a coñecer ao principio de curso cales son os nosos dereitos e deberes, normas de convivencia e de funcionamento do centro. Control e informe das incidencias relacionadas coa puntualidade, absentismo escolar, ...
- 5.1.5. Determinar as normas e procedementos de organización e funcionamento do grupo-clase (normas da aula, xestión de resolución de conflitos,...).
- 5.1.6. Avaliación inicial revisando os expedientes do alumnado, analizando a información aportada nos informes dos cursos anteriores e considerando todo aquilo que facilite o coñecemento da súa realidade e dos aspectos que poden incidir no proceso de ensino-aprendizaxe.
- 5.1.7. Facilitar a iniciación e adquisición progresiva de hábitos de estudio e sobre todo de técnicas de traballo.
- 5.1.8. Organizar convivencias con outro grupos do centro e con outros centros, intercambios con outras autonomías e países.
- 5.1.9. Seguimento da evolución do grupo e a toma de decisións e actuacións a desenvolver.



- 5.1.10. Coordinación dos equipos docentes: Modelos de entrevistas con pais, nais e alumnado. Modelos de preparación e rexistro das reunións.
- 5.1.11. Planificación e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade, especialmente as contempladas no Plan Xeral de Atención á Diversidade.
- 5.1.12. Favorecer a aceptación das diferenzas individuais.
- 5.1.13. Cubrir os informes de avaliación e, de darse o caso, do informe persoal por traslado. Actualización do expediente do alumnado.
- 5.1.14. Seguimento do proceso escolar. Orientación ao alumnado de 6º .

5.2. EN RELACIÓN AO PROFESORADO

- 5.2.1. En todo momento o titor/a informará ao equipo de profesorado do grupo, daqueles aspectos que considera relevantes para o desenvolvemento do proceso educativo do alumnado.
- 5.2.2. O titor ou titora, como coordinador/a do seu grupo de alumnos/as, terá en conta ao resto do grupo de profesorado, e porá especial interese na toma de decisións conxuntas sobre a atención á diversidade e apoio ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, asuntos de disciplina, conflitos de grupo, baixo rendemento..., fundamentalmente para adoptar medidas de atención personalizada, levadas á práctica co asesoramento e en colaboración co departamento de orientación.
- 5.2.3. O titor ou titora presidirá as xuntas de avaliacións, levándoas a tratar preferentemente os seguintes aspectos:
 - 5.2.3.1. Avaliación formativa do alumnado, segundo as súas capacidades.
 - 5.2.3.2. Posta en común e introdución das medidas necesarias, segundo a avaliación formativa e sumativa.



5.2.3.3. Coordinación entre o profesorado dos distintos niveis da etapa.

5.3. EN RELACIÓN ÁS FAMILIAS

Os titores/as proporcionaranlles información da marcha académica dos seus fillos/as, do seu rendemento e comportamento, e asesorándoos sobre todo aquilo que afecte a súa educación, orientando a súa implicación nas tarefas de estudio e na promoción da autonomía, autoconcepto e autoestima.

A tal fin dedicarán unha hora semanal á atención dos pais, nais e/ou titores legais do alumnado. Esta atención poderá ser solicitada ben polas familias ben polo profesorado.

5.4. CADRO RESUMO DAS ACTIVIDADES DO PAT.

ACTIVIDADES CO ALUMNADO	ACTIVIDADES COAS FAMILIAS	ACTIVIDADES CO PROFESORADO
<p>1. Asesoramento e orientación individualizado para cada alumno/a.</p> <p>2. Adaptación do proceso educativo ás súas necesidades.</p> <p>3. Implantación no grupo das actividades descritas no PAT.</p>	<p>1. Asesoramento e orientación individualizado para cada familia que o precise.</p> <p>2. Acollida das novas familias ao centro.</p> <p>3. Información trimestral de coas familias.</p> <p>4. Intercambio de información coas mesmas a través da “Axenda Escolar” e da aplicación ABALAR.</p> <p>5. Posibilidade de formación a través da ANPA realizando charlas</p>	<p>1. Participación no deseño e revisión do PAT.</p> <p>2. Avaliación e seguimento despois da implantación das propostas do Plan.</p>



	con expertos e/ou coa creación dunha “Escola de Familia”.	
--	---	--

6. **ESTRATEGIAS DE INTERVENCIÓN. TEMPORALIZACIÓN.**

Dende o Departamento de Orientación colaborárase activamente facilitando á comunidade educativa a realización do presente PAT, con unha boa dispoñibilidade ante as iniciativas que se propoñan e aportando e buscando os recursos que se poidan requirir para levalo a cabo.

Por outra banda, as intervencións en orientación teñen que se desenvolver no marco da concepción educativa e curricular. Dende esta premisa a intervención do departamento forma parte do currículo, entendido este como oferta educativa integral, dirixida a todos os aspectos da aprendizaxe e maduración da personalidade do alumnado. Tamén temos en conta que as tarefas de orientación do departamento se dirixen fundamentalmente aos alumnos/as, suxeitos activos da súa propia educación.

Poren, o referente básico do alumnado non esixe que a intervención estea sempre centrada no caso individual; ao contrario, a perspectiva da intervención procurará ser global ou sistémica, polo efecto multiplicador que produce. Intentárase que o tratamento sexa personalizado, promovendo a atención individual ao alumnado que o necesite.

Dende a titoría potenciárase o coñecemento do alumnado a través de: revisión de expedientes, asesoramento do departamento de orientación, reunións de equipos docentes e/ou aplicación de cuestionarios.

Ao longo do curso os a través das reunións do Departamento de Orientación, da CCP e aquelas que se puidesen necesitar, os titores e titoras, reuniranse, periodicamente, coa orientadora, co obxecto de unificar criterios e pautas de actuación.



EDUCACIÓN INFANTIL (2º CICLO: 4º, 5º E 6º)			
	ALUMNADO	PAIS/NAIS	PROFESORADO
OBXECTIVOS	<ol style="list-style-type: none"> Integración na clase: acollida e adaptación. Adquisición de hábitos. Conseguir un bo autoconcepto. 	<ol style="list-style-type: none"> Fomentar a relación coas familias. Implicar as familias nas actividades da aula. 	<ol style="list-style-type: none"> Unificar os criterios de actuación así como programar actividades conxuntas respecto deste PAT nas coordinacións de equipo de ciclo. Utilizar a CCP para realizar a coordinación ca etapa seguinte. Utilizar ademais das axendas escolares, a aplicación de Abalar e a mensaxería da Xunta para establecer as comunicacións coas familias.
ACTIVIDADES	<ol style="list-style-type: none"> Creación dun ambiente acolledor na aula. Xogos de convivencia. Exercicios de autoestima. 	<ol style="list-style-type: none"> Reunións individuais. Reunións en grupos. Implicación nas actividades. 	<ol style="list-style-type: none"> Reunións de ciclo. Reunións de nivel. Reunións cos ciclos de Educación primaria. Programas de prevención.
TEMPORALIZACIÓN	Durante todo o curso.	<ol style="list-style-type: none"> Ao comezo do curso. Cada trimestre. Saídas, excursións e 	<ol style="list-style-type: none"> Durante todo o curso. Reunións ao comezo do curso e en cada avaliación.



		actividades complementarias e de conmemoración.	3. Ao remate de ciclo e comezo de primaria.
RECURSOS	1. Alumnado e titores/as. 2. Aportacións do DO.	1. Pais e nais. 2. Titores/as. 3. Modelos de entrevistas e cuestionarios.	1. Titores/as. 2. Concreción Curricular. 3. Proxecto Educativo. 4. Programación de aula. 5. Expedientes.
METODOLOXÍA	1. Participación activa.	1. Reunións. 2. Participación activa na aula.	1. Elaboración de programas. 2. Informes e expedientes do DO. 4. Traballo en equipos para unificar criterios.
AVALIACIÓN	1. Será inicial, continua, formativa e final. 2. Valoración do positivo e do negativo.	1. Seguimento da asistencia e implicación nas propostas.	1. Valoración dos criterios propostos e se hai que modificalos.

EDUCACIÓN PRIMARIA			
	ALUMNADO	PAIS/NAIS	PROFESORADO
OBXECTIVOS	1. Acoller e coñecerse. 2. Facilitar a integración na clase. 3. Adquirir habilidades sociais	1. Fomentar as relacións coas familias. 2. Solicitar a colaboración das familias para que veñan a escola e	1. Unificar os criterios de actuación así como programar actividades conxuntas respecto deste PAT nas coordinacións de equipo de ciclo. 2. Utilizar a CCP para



	<p>e hábitos de traballo.</p> <p>4. Recibir información o alumnado de 6º sobre o cambio de etapa educativa: "Paso a ESO".</p>	<p>posibiliten a realización de actividades nas que poidan estar implicados directamente.</p>	<p>realizar a coordinación ca etapa seguinte.</p> <p>3. Utilizar Abalar e a mensaxería da Xunta para establecer as comunicacións coas familias.</p>
ACTIVIDADES	<p>1. Presentación do titor/a e do alumnado.</p> <p>2. Presentación dos comportamentos que se esperan na aula e na escola.</p> <p>3. Charla e visita ao IES As Lagoas (adscritos).</p>	<p>1. Reunións e entrevistas.</p> <p>2. Colaborar en actividades propostas polo titor/a.</p>	<p>1. Reunións de Equipo de ciclo.</p> <p>2. Reunións de nivel.</p> <p>3. Reunións da CCP e DO</p> <p>4. Programas de prevención.</p>
TEMPORALIZACIÓN	<p>-Primeiras semanas de curso.</p> <p>-Todo el curso.</p> <p>- Mes de xaneiro e xuño.</p>	<p>-Cada trimestre.</p> <p>-Durante todo o curso.</p>	<p>-Durante todo o curso.</p> <p>-Último curso e primeiro do seguinte.</p>
RECURSOS	<p>-Xogos de presentación.</p> <p>-Xogos e material para desenvolver habilidades sociais.</p> <p>-Cartel de habilidades sociais</p>	<p>-Modelos de entrevista e cuestionarios.</p> <p>-Preparación das diferentes reunións reunindo a información e</p>	<p>-Titores.</p> <p>-Material escolar.</p> <p>-Concreción Curricular.</p> <p>-Programación de aula.</p> <p>-Titores/as dos ciclos.</p> <p>-Informes e Expedientes DO e secretaría.</p>



	a desenvolver. - presentación da ESO na páxina web do noso centro.	entrevistando ao profesorado necesario.	
METODOLOXÍA	-Participación activa. -Fomento da integración. -Xogos.	-Entrevistas individuais. -Reunións xerais co grupo. -Participación en actividades do centro.	- Reunións para a toma de decisión e acordos entre mestres. -Mediación.
AVALIACIÓN	-Recollida de datos a través de diversas técnicas.	-Constancia de asistencia as reunións.	-Valoración do plan levado a cabo. -Valoración das actividades realizadas. -Valoración da suficiencia/insuficiencia das reunións establecidas. -Acta de reunións.

7. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Na avaliación do PAT participarán todos os axentes implicados: profesorado, familia, departamento de orientación, equipo directivo.

Farase ao longo de todo o proceso de cara para poder introducir os cambios se é necesario. Tamén haberá unha avaliación inicial e final. Os instrumentos que se empregarán serán variados: entrevistas, enquisas, cuestionarios.. Algúns exemplos, son os seguintes:



7.1.- Cuestionarios:

Valora do 1 ao 3, sendo 1: mal, 2: regular e 3: ben, o grao de cumprimento das funcións dos responsables da acción titorial

Titor	1	2	3
Coordinador de Equipo Docente	1	2	3
Departamento de Orientación	1	2	3
Xefatura do D. O.	1	2	3
Xefatura de Estudos.	1	2	3

V alora o grao de desenvolvemento dos seguintes aspectos:

PEDAGÓXICOS	SI	NON	EN PROCESO
Axustar a ensinanza ás características individuais, referida a persoas coas súas aptitudes e intereses diferenciados, aproveitalas e enriquecelas, previndo as dificultades de aprendizaxe, anticipándose a elas e evitando o fracaso e a inadaptación escolar.			
Contribuír ao desenvolvemento da socialización, ensinando a convivir de maneira pacífica e satisfactoria, educando as destrezas e habilidades sociais para a convivencia, anticipándose a condutas problemáticas que puideran xurdir.			



Favorecer os procesos de desenvolvemento das capacidades de pensamento, de aprender a pensar e de aprender a aprender, coa ensinanza de estratexias e procedementos de aprendizaxe, contribuíndo á mellora do desenvolvemento intelectual e conseguintemente á mellora do rendemento escolar ea competencia en situacións sociais.			
Favorecer os procesos de madureza persoal, de desenvolvemento da propia identidade e sistema de valores, e da progresiva toma de decisións a medida que o alumnado vai adoptando opcións na súa vida.			

CO ALUMNADO	SI	NON	EN PROCESO
Facilitar a integración do alumnado no seu grupo-clase e no conxunto da dinámica escolar, fomentando o desenvolvemento de actitudes de cooperación e respecto á diferenza.			
Contribuír á individualización e personalización dos procesos de ensino aprendizaxe.			
Realizar un seguimento global dos procesos de aprendizaxe dos alumnos que permita detectar os atrancos e as necesidades, con obxecto de artellar as respostas educativas axeitadas e recadar, no seu caso, o correspondente asesoramento e apoio.			
Fomentar no grupo o desenvolvemento de actitudes participativas no seu entorno sociocultural e natural.			

CO PROFESORADO	SI	NON	EN PROCESO
Coordinar o axuste das programacións ao grupo de alumnos/as, especialmente para o alumnado con necesidade específica de			



apoio educativo.			
Coordinar o proceso avaliador que levan adiante o profesorado do grupo-clase, así como, en xeral, recadar toda a información de que dispoña o profesorado sobre cada alumno.			

COAS FAMILIAS	SI	NON	EN PROCESO
Contribuír ao establecemento de relacións fluídas coas nais e pais coa finalidade de facilitar a conexión entre o Centro e as familias.			
Implicar ás familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e de orientación dos seus fillos.			

ORGANIZATIVAS	SI	NON	EN PROCESO
Facer propostas de asignación das titorías a partires de criterios pedagóxicos e estimular a consolidación dos equipos de titores.			
Planificación do tempo, dentro do horario escolar, para preparar e desenvolver actividades das titorías.			

8. MARCO LEGAL DE REFERENCIA DA ACCIÓN TITORIAL.

ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

No capítulo I, Artigo 4. Principios de actuación

Os principios de actuación que contribúen a facer realidade os principios xerais establecidos no artigo 4 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, son os que seguen:



2. Por parte do **profesorado titor**:

a) A organización da avaliación inicial do alumnado e a participación nas propostas que realice a xefatura do departamento de orientación en relación coas medidas e cos recursos necesarios para atender a diversidade do alumnado da súa titoría.

b) A coordinación dos procesos de ensino e de aprendizaxe do alumnado da súa titoría e a promoción da súa participación nas actividades da aula e do centro docente.

c) O intercambio, tanto co resto do equipo docente como coas nais, cos pais ou coas persoas titoras legais, de toda a información que afecte os procesos de ensino e de aprendizaxe.

d) A solicitude da intervención da xefatura do departamento de orientación no caso de alumnado en que se detecten dificultades de aprendizaxe ou situacións que requiran unha valoración especializada, colaborando no proceso de avaliación psicopedagóxica e na aplicación das medidas que se propoñan e dos informes que se requiran.

LEI ORGÁNICA 3/2020, de 29 de decembro pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

Preámbulo:

O protagonismo que debe adquirir o profesorado desenvólvese no título III da Lei. Neste préstase atención prioritaria á súa formación inicial e permanente, levándose a cabo nos próximos anos, no contexto do novo espazo europeo de educación superior coa fin de dar resposta ás necesidades e ás novas demandas que recibe o sistema educativo. A formación inicial debe incluír, ademais da adecuada preparación científica, unha formación pedagóxica e didáctica que se completará coa titoría e o asesoramento aos novos mestres por parte de compañeiros experimentados.

Art. 18. Obxectivos da Ed. Primaria:

6. No conxunto da etapa, a orientación e a **acción titorial** acompañaran o proceso educativo individual e colectivo do alumnado.

Artigo 91. Funcións do profesorado:



c) **A titoría** dos alumnos, a dirección e a orientación da súa aprendizaxe e o apoio no proceso educativo, en colaboración coas familias.

Artigo 102. Formación permanente do profesorado:

2. Os programas de formación permanente, deberán contemplar a adecuación dos coñecementos e métodos á evolución das ciencias e das didácticas específicas, así como todos aqueles aspectos de coordinación, orientación, **titoría** e atención educativa á diversidade.

Artigo 105. Medidas para o profesorado de centros públicos:

a) O recoñecemento da **función titorial**, mediante os oportunos incentivos profesionais e económicos (Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por "función titorial e outras funcións docentes").

Artigo 121. Proxecto educativo:

2. O proxecto recollerá ao menos, a forma de atención á diversidade do alumnado, medidas relativas a **acción titorial**, os plans de convivencia e de lectura...e deberá respectar os principios de non discriminación e de inclusión educativa...

Artigo 129. Competencias Claustro de mestres:

c) Fixar os criterios referentes á orientación, titoría, avaliación e recuperación dos alumnos.

Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria

5. Titorías.

5.1. Cada grupo de alumnos terá un titor que será designado polo director por proposta do xefe de estudos de acordo co establecido no artigo 80 do Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

O mestre titor, ademais da súa tarefa específica como docente, responsabilizarase da acción titorial do seu grupo.

5.2. Nos centros nos que o número de mestres sexa igual có de unidades, cada mestre desempeñará a titoría dun grupo de alumnos. Nos centros nos que o número de mestres



sexa superior có de unidades, a titoría de cada grupo de alumnos recaerá preferentemente no mestre que teña maior horario semanal co dito grupo. Os mestres que compartan centro só poderán ser designados titores no centro para o que, estean nomeados.

5.3. A asignación de titorías ós especialistas farase sempre ós que teñan máis horas dispoñibles, procurando -ó mesmo tempo- que imparta o máximo de horas de docencia no grupo do que vai ser titor.

5.4. Co fin de facilita-la relación do profesor titor cos pais, fixarase na programación xeral anual unha hora semanal para a atención ós pais, dentro do horario non lectivo de obrigada permanencia no centro. Programaranse, igualmente, reunións globais cos pais por titorías, niveis ou ciclos, encamiñadas a expoñe-las liñas xerais do plano de traballo.

En todo caso unha terá lugar antes do mes de novembro.

5.5. Serán funcións propias do titor as indicadas no artigo 81 do Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

5.6. Os mestres titores levarán un rexistro diario das faltas de asistencia dos alumnos da súa clase, esixindo a súa xustificación por parte dos seus pais de maneira inmediata e segundo o método que figure no Regulamento de réxime interior. Nos boletíns de cualificacións farase consta-lo número de faltas, xustificadas e non xustificadas. Nas actas das sesións de avaliación quedará constancia da relación de alumnos que teñan un número de faltas inxustificadas de asistencia a clase que supere o límite establecido polo Consello Escolar.

Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria:

Capítulo V

Titores

Artigo 80º

1. A titoría e orientación dos alumnos formará parte da función docente.
2. Cada grupo de alumnos terá un mestre titor que será designado polo director a proposta do xefe de estudos.



3. O xefe de estudos coordinará o traballo dos titores e manterá as reunións periódicas necesarias para o bo funcionamento da acción tutorial.

Artigo 81º

1. Cada mestre/a titor/a, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará, cando menos, as seguintes funcións:

a) Participar no desenvolvemento do plan de acción tutorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación da xefatura de estudos.

b) Proporcionar no principio de curso, ao alumnado e as familias, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente ao calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.

c) Coñecer as características persoais de cada alumno/a a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.

d) Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno/a.

e) Efectuar un seguimento global dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de busca-las respostas educativas adecuadas e solicita-los oportunos asesoramentos e apoios.

f) Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para alumnado do seu grupo.

g) Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomenta-la súa participación nas actividades do centro.

h) Orientar o alumnado dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.

i) Informar o equipo de profesorado do grupo de alumnos/as das características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.

l) Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnado.

m) De ser o caso, organizar e presidir as reunións de avaliación.

n) Coordinar o proceso de avaliación dos alumnos/as do seu grupo e adoptar a decisión que proceda referente á promoción do alumnado dun ciclo a outro, logo de audiencia da familia



ou titores legais.

- ñ) Atender, xunto co resto do profesorado, os alumnos e alumnas mentres estes permanecen no centro nos períodos de lecer.
- o) Colaborar co equipo de orientación educativa e profesional do sector nos termos que estableza o mesmo e a xefatura de estudos.
- p) Colaborar cos demais titores/as no marco dos proxectos educativo e curricular do centro.
- q) Orientar as demandas e inquiredanzas do alumnado e mediar ante o resto de profesores/as, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
- r) Informar os alumnos/as do grupo, os pais, nais, e o profesorado de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico, con especial atención aos aspectos e medidas tendentes a facilitar a competencia lingüística dos alumnos e alumnas nas dúas linguas oficiais.
- s) Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado e as familias do alumnado.
- t) Exercer, de acordo coa concreción curricular, a coordinación entre os demais profesores/as do grupo.
- u) Cubrir os documentos oficiais relativos ao seu grupo de alumnos/as.
- v) Controlar a falta de asistencia ou puntualidade do alumnado, e ter informados aos pais, nais ou titores/as legais e a xefatura de estudos.
- x) Fomentar a colaboración das familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos/as.
- z) Aqueloutras que se lle puidesen encomendar para o mellor desenvolvemento da acción tutorial.